

ÓRGANO DE SELECCIÓN (TRIBUNAL 3) DA O E P - ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE VIGO POLO PROCEDIMENTO CONCURSO

Recursos Alzada presentados polo/as aspirantes ao amparo do previsto na Base Décimo Sétima das Xerais.

Dando cumprimento ao disposto na Base Xeral Décimo Sétima (*INCIDENCIAS*), parágrafo 4º, Bases publicadas no BOPPO nº 249, de 30/12/2022, que rexen a O.E.P Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Vigo, emítase o seguinte **INFORME XURÍDICO** que se eleva ao Órgano de Selección para a súa consideración:

Debemos partir dunha premisa, tal é considerar as bases do concurso de méritos a norma reguladora do proceso. Deste xeito, a presentación dunha solicitude de participación no proceso selectivo implica a plena aceptación e sen condicións das bases que rexen o mesmo.

O art. 15 apartados 4 e 5 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, establece: “4. Las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones Permanentes de Selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas. 5. Las convocatorias y sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción estricta a las normas de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común”.

Unha vez aprobadas e publicadas as bases, constitúen a norma reguladora do proceso. Deste xeito, sendo as bases da convocatoria as regras do xogo que van a obrigar a todos/as os/as participantes e á propia Administración, o momento da súa impugnación debe ser, con carácter xeral, o da formulación de ditas normas, a fin de que de xeito anticipado se resolvan as eventuais cuestións de legalidade e, no caso de non impugnación, o proceso se desenvolva conforme ás bases aceptadas de xeral aplicación.

A Base Xeral deste concurso (BOPPO nº 249, 30 de decembro de 2022), Vid. Anexo II -Base Quinta-, apartado 2º, dispón que “a presentación de solicitude de participación no proceso selectivo implica a plena aceptación e sen condicións das bases que rexen o proceso de selección”. Así pois, os/as aspirantes que non estaban de acordo coas bases deberon impugnalas trala súa aprobación, cosa que non aconteceu, por canto deveñen firmes.

O principio de que as bases da convocatoria constitúen a lei do concurso ten sido reiterado continuamente pola xurisprudencia. Este principio está recoñecido pola xurisprudencia máis antiga do Tribunal Supremo: SSTs de 25 de febreiro, 1, 21 e 27 de maio e 2 de xullo de 1946, 8 e 28 de marzo, 5, 8 e 9 de xullo de 1947 e 9 de xuño de 1948. Esta doutrina tense mantido invariable ao longo dos anos ata nosos días (SSTs de 3 de xullo de 1984, 12 de xuño de 1991, 7 de abril de 2006 e 27 de maio de 2010, por citar só algunhas). Do mesmo xeito os Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidades Autónomas tamén teñen feito súa esta doutrina dende a súa creación e son numerosas as sentenzas que ditadas neste sentido. Por exemplo, a STSJ de Cataluña núm. 156/2010, de 11 de febreiro (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta, recurso de apelación núm. 270/2007).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/03/2025 13:43	Páxina 1 de 35
250060031	CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así as cousas, teñen presentado RECURSO DE ALZADA os/as seguintes aspirantes:

- **NÚÑEZ VÁZQUEZ, M.T (DNI ***0106**):**

Recurso Alzada aos Procesos nº 34 AUXILIAR ADMINISTRATIVO, FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, C2- e nº 35 AUXILIAR ADMINISTRATIVO, LABORAL FIXO, C2, Docs. nº 250001621-250003326-250003333, datas presentación 02/01/2025 e 07/01/2025.

- Alega: Solicita sexa corrixida a puntuación que lle foi asignada polo concepto mérito profesional, “servizos prestados no Concello de Vigo”, tanto no proceso nº 34 como nº 35, valorándose como tempo traballado 9 anos, 4 meses e 14 días (total 112 meses) segundo consta na certificación de data 19/09/2018 aportada pola candidata coa súa solicitude.

- Motivación da Proposta: O Órgano de Selección asignoulle 60 puntos polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo durante 8 anos, 6 meses e 21 días coa categoría de auxiliar administrativo. Vista a certificación de 19/09/2018, achegada pola aspirante coa solicitude de participación en data 14/03/2024 (doc. 240085596), constátase que o tempo traballado no Concello de Vigo na categoría de auxiliar administrativa é de 9 anos, 4 meses e 14 días (total 112 meses).

- Proposta: Estimar o recurso de alzada presentado por NÚÑEZ VÁZQUEZ, M.T (DNI ***0106**), con Docs. nº 250001621-250003326-250003333, datas presentación 02/01/2025 e 07/01/2025, declarando, de conformidade coa Base Xeral Anexo II, Base 8.4.6.^a e coas Bases específicas, aprobado o concurso de méritos para 10 prazas convocadas no PROCESO Nº 34 - AUXILIAR ADMINISTRATIVO-FUNCIONARIO/A DE CARREIRA, C2 (Exp. 43788/220), aos/ás candidatos

POSTO	ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AL NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	PUNTUACIÓN TOTAL MP+MA
1º	COLLAZO SAAVEDRA, M. C. ***6396**	60 servizos durante 15 anos, 10 meses, 9 días	0	60	10	40	0	40	100
2º	PEREIRAS BERMEJO V. ***3746**	60 servizos durante 15 anos, 7 meses 21 días	0	60	10	40	0	40	100
3º	LORENZO NÚÑEZ, M.J DNI (*** 5438**)	60 servizos durante 13 anos, 5 días	19,50	60	15	40	0	40	100
4º	GONZÁLEZ ARIAS, O DNI (*** 6293**)	60 servizos durante 10 anos, 5 meses, 9 días	0	60	10	40	15	40	100
5º	CAMPOS RIVAS, L. ***9657**	60 servizos durante 10 anos, 29 días	0	60	15	40	15	40	100
6º	NÚÑEZ VÁZQUEZ M.T. ***0106**	60 servizos durante 9 anos, 4 meses, 14 días	9,30	60	5	40	0	40	100
7º	SONEIRA VILLARINO X. ***6367**	60 servizos durante 8 anos, 8 meses, 13 días	0	60	5	40	0	40	100
8º	MOURIÑO BARROS M.D.C. ***3476**	60 servizos durante 8 anos, 7 meses,	39,90	60	10	40	0	40	100
9º	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M. DNI (*** 6850**)	60 servizos durante 8 anos, 6 meses, 23 días	0	60	10	40	10	40	100
10º	NÚÑEZ ABOY N.M.	60	0	60	5	40	15	40	100



Copia do documento - Concello de Vigo

250060031

Data impresión: 17/03/2025 13:43

Páxina 2 de 35

CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

	***8401**	servizos durante 8 anos, 3 meses, 29 días							
--	-----------	---	--	--	--	--	--	--	--

Asemade, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, a bolsa de emprego do Proceso 35 (AUXILIAR ADMINISTRATIVO-LABORAL FIXO), quedará integrada polos seguintes candidatos:

3º	LORENZO NÚÑEZ M.J. ***5438**	60 servizos durante 13 anos, 15 días	19,50	60	15	40	0	40	100
4º	NUÑEZ VÁZQUEZ M.T. ***0106**	60 servizos durante 9 anos, 4 meses, 14 días	9,30	60	5	40	0	40	100
5º	MOURIÑO BARROS M.C. ***3476**	60 servizos durante 8 anos, 7 meses,	39,90	60	10	40	0	40	100
6º	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ E. ***6850**	60 servizos durante 8 anos, 3 meses, 29 días	0	60	10	40	10	40	100
7º	NUÑEZ ABOY N.M. ***8401**	60 servizos durante 8 anos, 3 meses, 29 días	0	60	5	40	15	40	100
8º	VILA RODRÍGUEZ A. ***7993**	42,60	18	60	5	40	5	40	100
9º	MARTÍNEZ RODRÍGUEZ M. ***9569**	0	60	60	0	40	0	40	100
10º	COSTAS SOUSA M. ***8805**	51	0	51	0	40	15	40	91
11º	OLMOS PITA L. ***4551**	48,60	0	48,60	5	40	10	40	88,60
12º	ABRIL BOUSELA E.M. ***0880**	0	42,30	42,30	10	40	0	40	82,30
13º	CARBALLO TRONCOSO M.A. ***0444**	9,60	31,38	40,98	0	40	0	40	80,98
14º	CARBALLO TRONCOSO M.R. ***0489**	13,20	25,62	38,82	0	40	0	40	78,82
15º	VÁZQUEZ TOURÓN J. ***7143**	0	35,62	35,62	5	40	0	40	75,62
16º	SOTO HERMIDA J.M. ***0646**	21	4,5	25,50	0	40	10	40	65,50
17º	OTERO NEIRA M.J. ***2865**	13,20	12	25,20	10	40	0	40	65,20
18º	RODRÍGUEZ PÉREZ V. ***2479**	24	0	24	10	40	0	40	64
19º	GUTIÉRREZ VELO A. ***5831**	21	0	21	10	40	0	40	61

• **LAMPÓN LAMPÓN, R (DNI ***3524**):**

Recurso Alzada ao Proceso nº 32, ADMINISTRATIVO/A SERVICIOS TURÍSTICOS, Doc. nº 25000210, data presentación 03/01/2025.

- Alega: Se lle valore o mérito profesional segundo consta nos contratos de traballo, certificacións e vida laboral que ten achegado a candidata. Asemade, solicita se publiquen as puntuacións definitivas.

- Motivación da Proposta: A Sra. Lampón achegou coa súa instancia de participación no proceso informe da súa vida laboral, certificación da Xunta de Galicia de 18/07/2018 conforme desenvolveu programa formativo na oficina española de turismo en Berlín, certificación do Presidente da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada e certificacións dos Concello de Negreira, Padrón, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e Touro.

A devandita experiencia profesional non pode ser valorada por non axustarse aos requisitos esixidos polas bases do concurso (Base Xeral Décima). Na devandita Base Xeral recóllese que non se terá en conta a vida



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2025 13:43

Páxina 3 de 35

250060031

CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Xeral, para acreditar méritos profesionais alegados. Asemade, establécese no aptdo.1.B, que soamente se valoran os servizos prestados no ámbito das Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría ao que se desexa acceder, sendo no proceso 32 a categoría de administrativo servizos turísticos. Deste xeito, as certificacións emitidas polos Concellos de Negreira, Padrón, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e Touro certifican servizos prestados en categorías distintas á de administrativo servizos turísticos, motivo polo que non cabe puntuar a devandita experiencia profesional. As puntuacións definitivas atópase xa publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios (data publicación 02/01/2025).

- Proposta: Desestimar o recurso de alzada presentado por LAMPÓN LAMPÓN, R (DNI ***3524**), con Doc. nº 25000210, data presentación 10/01/2025.

• **SANDE RODRÍGUEZ, R (DNI ***3524**):**

Recurso de Alzada ao Proceso nº 38 OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, Docs. Nº 250003284-250026264, datas presentación 08/01/2025 - 05/02/2025.

- Alega: Non comprende como pode este Tribunal nº 3 manter criterios diferentes, con relación a outros Tribunais, na interpretación das bases reguladoras do proceso cando estas son as mesmas para todos. Solicita se lle revise a súa puntuación en concepto méritos profesionais puntuándolle tódolos servizos prestados no Concello de Vigo como oficial carpinteiro e oficial pavimentador.

- Motivación da Proposta:

O art. 15 do Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso dispón nos seus apartados 4 e 5 que:

“4. Las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones Permanentes de Selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas.

5. La convocatorias o sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción estricta a las normas de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.”

Una vez aprobadas e publicadas, constitúen pois a norma reguladora do proceso. En caso de dúbidas na súa aplicación, a función interpretadora correspóndelle tan só ao órgano de selección dentro da súa discrecionalidade técnica e que en todo caso *“deberán ser interpretadas en un sentido equilibrado que favorezca por igual a todos os aspirantes (STS de 13/08/2010, rec. 368/2007)”*. Debemos lembrar que tamén os Xulgados e Tribunais, en moitas ocasións, manteñen criterios distintos na interpretación das leis. Deste xeito, é perfectamente lícito que existan interpretacións diferentes na aplicación das bases entre distintos órganos de selección.

A Base Xeral Décima 1.a), apartado Méritos Profesionais, concepto Servizos prestados no Concello de Vigo, só permite puntuar os servizos cando foron prestados no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder. Consecuentemente non cabe puntuar servizos prestados nun posto de traballo pertencente a un grupo ou subgrupo diferente ao que se desexa acceder. O Tribunal 3 considerou, á hora de interpretar as Bases, que tampouco cabe valorar os servizos prestados nun posto de traballo que, aínda que pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo, estea configurado no cadro de persoal con praza diferente e teña asignadas na guía de funcións de 26/06/2020, funcións diferentes e propias ás asignadas á praza a que se desexa acceder. E considerou isto xa que non estamos nun concurso de mobilidade horizontal senón nun proceso de estabilización de emprego temporal que se realiza por mandato da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Por estes motivos, non cabe outorgar puntuación polos servizos prestados como oficial carpinteiro e oficial pavimentador a este candidato.

- Proposta: Desestimar o recurso de alzada presentado por SANDE RODRÍGUEZ, R (DNI ***3524**), con Docs. nº 250003284- 250026264, datas presentación 08/01/2025 - 05/02/2025.

• **CALLES ALONSO, B (DNI ***6532**):**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/03/2025 13:43	Páxina 4 de 35
250060031	CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Recurso de Alzada ao Proceso nº 43 AXUDANTE MANTEMENTO, Doc. Nº 250023678, data presentación 03/02/2025.

- Alega: Falta de publicación suficiente da resolución das reclamacións presentadas polos aspirantes ás puntuacións provisionais aos Procesos nº 41, 42 e 43, publicándose durante escasas horas na páx. web municipal durante o día 23/12/2024, co que se estaría vulnerando o principio de transparencia e publicidade. Considera que o Tribunal permitiu que sete aspirantes do proceso nº 43 declararan e acreditaran os servizos prestados ao Concello de Vigo extemporaneamente, concretamente no intre de reclamar ás puntuacións provisionalmente asignadas aos aspirantes, o que conlevaría, segundo o aspirante, unha vulneración das bases do proceso.

- Motivación da Proposta: A resolución das reclamacións presentadas polos aspirantes ás puntuacións provisionais dos Procesos nº 41, 42 e 43, atópanse publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios ininterrompidamente dende o pasado 16/01/2025, respectándose os principios de transparencia e publicidade, e posibilitando que os aspirantes puideran coñecer os motivos da estimación ou desestimación das súas reclamacións, e para o caso de que o considerasen pertinente, puideran interpoñer recurso de alzada contra a resolución das reclamacións presentadas. A fugaz publicación do día 23/12/2024, á que fai referencia o Sr. Calles, trátase dun erro da Área de RRHH que eliminou involuntariamente a publicación, sendo inmediatamente corrixido ao ter sido detectado procedendo á publicación o día 16/01/2025.

O Tribunal non permitiu que os aspirantes do proceso nº 43, nin de ningún outro proceso, declararan e acreditaran, fora do prazo legalmente establecido, os méritos.

Vistas as reclamacións presentadas, considerando os postos de traballo, Axudante de Mantemento Deportes (código 618) e Axudante de Mantemento (código 270), dous postos de traballo diferentes, o Tribunal entendeu, vista a documental aportada por algúns aspirantes coas súas reclamacións, Sentenza Xudicial do Xdo. Social nº 2 de Vigo 534/2012, de 28/09/2012; St. Xdo. Social nº 2 de Vigo nº 170/2013, de 13/03/2013; St do TSX de Galicia 1851/2013, que non cabe valorar no proceso nº 41 os servizos prestados no Concello de Vigo como Axudante de Mantemento.

Con data 18/02/2025 garántase o acceso aos expedientes nº 44806-220 e 43797-220 ao aspirante CALLES ALONSO, B (DNI ***6532**).

- Proposta: Desestimar o recurso de alzada presentado por CALLES ALONSO, B (DNI ***6532**), con Doc. Nº 250023678, data presentación 03/02/2025.

• **SIERRA FERNÁNDEZ, P (DNI ***9307**):**

Recurso de Alzada ao Proceso nº 39 OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, Doc. Nº 250020116, data presentación 29/01/2025.

- Alega: Se lle revise a puntuación do seu proceso (0 puntos por méritos profesionais en concepto de servizos prestados no Concello de Vigo) e achega, extemporaneamente con data 03/10/2024, certificación de servizos prestados no Concello de Vigo de data 17/04/2024. Solicita se lle recoñeza unha antigüidade de 3 anos, 8 meses e 25 días de servizos prestados no Concello de Vigo por canto aportou coa súa instancia de participación no proceso copia de ter solicitado certificación de servizos prestados á Area de RRHH. Manifesta ter achegado ao proceso a certificación cando lle foi entregada. Solicita sexa incluída na lista de bolsa de traballo.

- Motivación da Proposta: Coa solicitude de participación no proceso, aporta a aspirante relación de méritos e copia do escrito de ter sido solicitada a certificación de servizos prestados no concello de Vigo en data 20/02/2024. Non aporta declaración xurada polo que non acredita o mérito alegado.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO no 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha “*relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/03/2025 13:43	Páxina 5 de 35
250060031	CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima que indica como se acreditan os servizos prestados (méritos profesionais) no Concello de Vigo e no ámbito doutras Administracións Públicas. Dispón que os méritos profesionais se acreditarán con certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública correspondente, non obstante, establece que, como excepción, se o mérito que se alega é ter servizos prestados no Concello de Vigo, bastará con facelo constar en **“declaración xurada” que se presentará xunto coa solicitude** e na cal figure a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ao Concello e o departamento, servizo ou unidade na que se prestaron. **Claramente a Base Décima.1º distingue a declaración xurada da solicitude como dous documentos diferentes.**

Cómpre distinguir entre alegar un mérito e xustificalo documentalmente. A relación de méritos serve unicamente para alegar o mérito pero debe xustificarse documentalmente, ben coa declaración xurada/responsable ou con certificación, dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024. Deste xeito as xustificacións documentais presentadas fora de prazo non poden ser tidas en conta por extemporáneas.

A Base Décimo Terceira das Xerais establece unha previsión para xustificar méritos onde o aspirante deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais distintos ao Concello de Vigo. Para eses concretos casos, establece que cando eses organismos non tivesen facilitado esa documentación ao aspirante antes de finalizar o prazo de presentación de instancias, o aspirante debe aportar coa súa instancia copia do escrito conforme solicitou a devandita documentación ante o organismo e mais unha declaración xurada comprometéndose a achegala documentación nun prazo de dous días dende que sexa expedida. En todo caso, as bases establecen que non procede a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso.

Debe puntualizarse que a anterior previsión das bases é para achegar documentación procedente doutros organismos oficiais distintos ao Concello de Vigo posto que para xustificar servizos prestados neste Concello de Vigo tan só se esixe declaración responsable.

Proponse: Desestimar o recurso de alzada presentado por SIERRA FERNÁNDEZ, P (DNI ***9307**), con Doc. Nº 250020116, data presentación 29/01/2025.

• **RODRÍGUEZ GARCÍA, Y (DNI ***7028**):**

Recurso de Alzada aos Procesos nº 38 OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS e nº 39 OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, Doc. nº 250017916, data presentación 24/01/2025.

- Alega: Solicita que se lle puntúe en ambos procesos, os servizos prestados como Oficial de Instalacións Deportivas con 24,60 puntos, os servizos como Auxiliar Administrativo con 4,2 puntos e como Peón de Traballos Exteriores Oficial en Colexio Público con 5,4 puntos.

- Motivación da Proposta: En data 01/10/2024 publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios as puntuacións provisionais do Proceso nº 39 OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, Laboral fixo C2, obtendo a aspirante RODRÍGUEZ GARCÍA 24,60 puntos por servizos prestados en Vigo e 8 puntos en cursos de formación, total 32,60 puntos.

En data 27/11/2024 publicouse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios as puntuacións do Proceso nº 38 OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, Laboral fixo C2, obtendo a aspirante RODRÍGUEZ GARCÍA 24,60 puntos por servizos prestados en Vigo e 40 puntos en cursos de formación, total 64,60 puntos.

Os 24,60 puntos concedidos en ambos procesos polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo, foron concedidos vista a declaración responsable achegada coa instancia de participación onde a aspirante declara ter prestado servizos como *“Oficial de Instalacións”* no Concello de Vigo durante 41 meses, dende o 01/12/2012 ata o 22/05/2014. Nada di na devandita declaración de servizos prestados como Auxiliar Administrativo e como Peón de Traballos Exteriores oficial en colexio público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/03/2025 13:43	Páxina 6 de 35
250060031	CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Órgano de selección (TRIBUNAL 3), na sesión celebrada o pasado 29 de novembro de 2024 (vid. Acta nº 35), co fin de comprobar a veracidade dos datos contidos nas declaracións xuradas, achegadas coas instancias polos aspirantes para acreditar o mérito profesional de servizos prestados no Concello de Vigo, examinou as certificacións solicitadas polo Tribunal e remitidas pola Área de RRHH que constan no Expte. nº 45609-220.

En dita comprobación detectouse que: O certificado de data 15/11/2024, remitido pola Área de RRHH, que consta no Exp. 45609-220, con relación ao mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo por RODRÍGUEZ GARCÍA, Y (DNI ***7028**), Proceso 39 OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, expresa que esta aspirante prestou servizos como “Oficial Instalacións IMD- Deportivas” durante 3 anos, 4 meses e 24 días (40 meses), como peón traballos exteriores durante 21 meses e como auxiliar administrativo durante 7 meses e 11 días.

Deste xeito o Tribunal, na sesión de 29/11/2024, acordou retirar os 24,60 puntos que se lle habían previamente outorgado a Rodríguez García no Proceso 38 (OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS) xa que os servizos prestados neste Concello non foron como Oficial de Instalacións Municipais senón como Oficial Instalacións IMD-Deportivas, polo que ese mérito profesional debe puntuarse con 0 puntos no Proceso 38 OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS e con 24 puntos no Proceso 39 OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. Asemade, na sesión de 29/11/2024, o órgano de selección revisou a puntuación concedida a Rodríguez García no proceso 39 por méritos académicos, cursos de formación, detectando que non se puntuou o curso Inglés Oxford Avanzado de 78 horas lectivas, polo que, acuerda corrixir a puntuación por méritos académicos, cursos de formación, outorgando a esta aspirante 40 puntos no proceso 39.

O tribunal tomou esta decisión por canto trátase de prazas diferentes, con funcións distintas, OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS e OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, de feito convócanse dous procesos diferentes para cubrir as mesmas. E toma esta decisión por canto non estamos nun concurso de mobilidade horizontal senón nun concurso especial que pretende estabilizar aquelas persoas que atópanse desde fai moitos anos ocupando postos de traballo nunha situación precaria e moi inestable.

Deste xeito a puntuación provisional para RODRÍGUEZ GARCÍA, queda establecida na sesión de 29/11/2024 do seguinte xeito:

Proceso 38 (OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS)

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA 3
RODRÍGUEZ GARCÍA, Y (DNI ***7028**)	0	0	0	0	40	0	40	40	si

Proceso 39 (OFICIAL DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS)

ASPIRANTE NOME E APELIDOS - DNI	SERVIZOS PRESTADOS NO CONCELLO VIGO E O.A	SERVIZOS PRESTADOS NOUTRAS ADM. PÚBLICAS	TOTAL MÉRITOS PROFES.	TITULAC ACADEM. OFICIAL SUP. AO NIVEL	CURSOS	SUPERAR PROCESO SELECTIVO SEN PRAZA	TOTAL MÉRITOS ACADEM.	TOTAL MP+MA	CELGA 3
RODRÍGUEZ GARCÍA, Y (DNI ***7028**)	24	0	24	0	40	0	40	64	si

Dito acordo de data 29/11/2024, notificouse á aspirante outorgándoselle un prazo extraordinario para presentar reclamación, sendo presentadas reclamacións extraordinarias aos Procesos nº 38/39, con Docs. nº 240390881-240390883, data presentación 16/12/2024.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/03/2025 13:43	Páxina 7 de 35
250060031	CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No Doc. 240390881 solicita que se lle devolvan os 24,60 puntos retirados polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo no Proceso 38 e se lle asignen 4,20 puntos mais (24,60 + 4,20) polos servizos prestados como Auxiliar da Admón. Xeral. Reclama se lle asignen 28,80 puntos polo mérito profesional servizos prestados no Concello de Vigo no Proceso 38.

No Doc. 240390883 solicita que se lle asignen 28,80 puntos polo mérito profesional, servizos prestados no Concello de Vigo no Proceso 39 e se lle valoren os servizos prestados como Auxiliar da Admón. Xeral.

Ambas reclamacións foron desestimadas polo Acordo adoptado na sesión de 20/12/2024 (vid. Acta 41): polos motivos 1º e 3º.

“MOTIVO 1º.- As bases do concurso de méritos constitúen a norma reguladora do proceso. A presentación de solicitude de participación no proceso selectivo implica a plena aceptación e sen condicións das bases que rexen o mesmo.

O art. 15 apartados 4 e 5 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso, establece: “4. Las bases de las convocatorias vinculan a la Administración y a los Tribunales o Comisiones Permanentes de Selección que han de juzgar las pruebas selectivas y a quienes participen en las mismas. 5. Las convocatorias y sus bases, una vez publicadas, solamente podrán ser modificadas con sujeción estricta a las normas de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común”.

Unha vez aprobadas e publicadas as bases, constitúen a norma reguladora do proceso. Deste xeito, sendo as bases da convocatoria as regras do xogo que van a obrigar a todos/as os/as participantes e á propia Administración, o momento da súa impugnación debe ser, con carácter xeral, o da formulación de ditas normas, a fin de que de xeito anticipado se resolvan as eventuais cuestións de legalidade e, no caso de non impugnación, o proceso se desenvolva conforme ás bases aceptadas de xeral aplicación. Por outra banda, cabe afirmar que tampouco concorre causa de nulidade de pleno dereito sobre as mesmas que vulnere dereito fundamental algún que permita unha excepcional e extemporánea impugnación das bases neste intre procedemental.

A Base Xeral deste concurso (BOPPO nº 249, 30 de decembro de 2022), Vid. Anexo II -Base Quinta-, apartado 2º, dispón que “a presentación de solicitude de participación no proceso selectivo implica a plena aceptación e sen condicións das bases que rexen o proceso de selección”. Así pois, os/as aspirantes que non estaban de acordo coas bases deberon impugnalas trala súa aprobación, cosa que non aconteceu, por canto deveñen firmes.

O principio de que as bases da convocatoria constitúen a lei do concurso ten sido reiterado continuamente pola xurisprudencia. Este principio está recoñecido pola xurisprudencia máis antiga do Tribunal Supremo: SSTs de 25 de febreiro, 1, 21 e 27 de maio e 2 de xullo de 1946, 8 e 28 de marzo, 5, 8 e 9 de xullo de 1947 e 9 de xuño de 1948. Esta doutrina tense mantido invariable ao longo dos anos ata nosos días (SSTs de 3 de xullo de 1984, 12 de xuño de 1991, 7 de abril de 2006 e 27 de maio de 2010, por citar só algunhas). Do mesmo xeito os Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidades Autónomas tamén teñen feito súa esta doutrina dende a súa creación e son numerosas as sentenzas que ditadas neste sentido. Por exemplo, a STSJ de Cataluña núm. 156/2010, de 11 de febreiro (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta, recurso de apelación núm. 270/2007).

MOTIVO 3º.- Mérito profesional “Servizos prestados no Concello de Vigo”: Servizos que se valoran.

A Base Xeral Décima 1.a), apartado Méritos Profesionais, concepto Servizos prestados no Concello de Vigo, só permite puntuar os servizos cando foron prestados no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

Consecuentemente non cabe puntuar servizos prestados nun posto de traballo pertencente a un grupo ou subgrupo diferente ao que se desexa acceder. Tampouco cabe valorar os servizos prestados nun posto de traballo que, aínda que pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo, estea configurado no cadro de persoal con praza diferente e teña asignadas na guía de funcións de 26/06/2020, funcións diferentes e propias ás



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 17/03/2025 13:43

Páxina 8 de 35

250060031

CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

asignadas á praza a que se desexa acceder. Lémbrese que estamos nun proceso de estabilización de emprego temporal que se realiza por mandato da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Enténdese por servizos prestados, segundo consta na Base Xeral Décima 1, os que derivan dunha contratación laboral temporal ou da condición de persoal funcionario interino, polo que non procede valorar os servizos prestados como funcionario eventual.

Outórgase 0,60 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 60 puntos. Non se valoran as fraccións de mes, entendendo un mes por 30 días naturais.”

Proponse: Desestimar o recurso de alzada presentado por RODRÍGUEZ GARCÍA, Y (DNI ***7028**) aos Procesos nº 38 OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS e nº 39 OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, Doc. Nº 250017916, data presentación 24/01/2025.

- **COBOS CASAS, T (DNI ***8351**):**

Recurso de Alzada ao Proceso nº 34 AUXILIAR ADMINISTRATIVO, FUNCIONARIO DE CARRERA C2, Doc. nº 250016885, data presentación 23/01/2025.

Alega: Solicita se lle puntúen os servizos prestados no Concello de Vigo como auxiliar administrativa e achega extemporaneamente co recurso de alzada certificación dos servizos prestados no Concello de Vigo de data 13/03/2024. Considera que o escrito formulario de instancia solicitando participar no proceso de consolidación constitúe, por se mesmo, a declaración xurada á que se refire a Base Xeral Décima 1ª deste concurso.

Motivación da proposta: A aspirante Sra. Cobos Casas presentou en data 11/03/2024 (doc. 240082665) solicitude modelizada de participación na Oferta de Emprego de Estabilización polo procedemento de concurso para o Proceso nº 34. Coa solicitude de participación para acreditar os méritos profesionais alegados achegou: A) Copia do escrito conforme tiña solicitado en data 22/02/2024 ao Concello de Vigo informe sobre o tempo traballado no mesmo; B) Certificación da Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa conforme realizou 340 horas de prácticas correspondentes aos estudos de xestión administrativa do CPR San Fermín de Caldas de Reis.

O tribunal considerou conceder 0 puntos polos méritos profesionais alegados (servizos prestados no concello de Vigo) por canto NON teñen sido acreditados debidamente conforme establecen as bases do Concurso e, con relación as 340 horas de prácticas correspondentes aos estudos de xestión administrativa do CPR San Fermín de Caldas de Reis, acordou non puntualas por tratarse de meras prácticas e non de servizos prestados.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha “*relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes*”.

Este apartado das Bases debe poñerse en relación coa Base Décima.1º que indica cómo se acreditan os servizos prestados (méritos profesionais) no Concello de Vigo e no ámbito doutras Administracións Públicas. Dispón que os méritos profesionais se acreditarán con certificación expedida polo órgano competente da Administración Pública correspondente, non obstante, establece que, como excepción, se o mérito que se alega é ter servizos prestados no Concello de Vigo, bastará con facelo constar en “**declaración xurada**” **que se presentará xunto coa solicitude** e na cal figure a data ou datas de inicio e finalización dos servizos ao Concello e o departamento, servizo ou unidade na que se prestaron. **Claramente a Base Décima.1º distingue a declaración xurada da solicitude como dous documentos diferentes.**

En contra do solicitado pola aspirante, non cabe considerar o escrito formulario de instancia solicitando participar no proceso de consolidación como a declaración xurada esixida polas bases para acreditar os servizos prestados no concello de Vigo á que se refire a Base Xeral Décima 1ª deste concurso. Realizando unha atenta lectura do modelo de instancia de participación no proceso, constátase que contén unha



Copia do documento - Concello de Vigo

250060031

Data impresión: 17/03/2025 13:43

Páxina 9 de 35

CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

declaración xurada con relación unicamente ao cumprimento dos REQUISITOS esixidos nas Bases específicas da convocatoria para participar na mesma, pero non cabe estender os efectos de dita declaración á acreditación do mérito profesional “servizos prestados no Concello de Vigo”.

Cómpre distinguir entre alegar un mérito e xustificalo documentalmente. A relación de méritos serve unicamente para alegar o mérito pero debe xustificarse documentalmente, ben coa declaración xurada/responsable ou con certificación, dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024. Deste xeito as xustificacións documentais presentadas fora de prazo, concretamente neste caso co recurso de alzada, non poden ser tidas en conta por extemporáneas.

Asemade, tampouco cabe partindo do art 53.1.d) da LPAC, que regula os dereitos do interesado no procedemento administrativo, alegar o dereito a non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, que xa se atopen en poder das Administracións Públicas o que teñan sido elaborados por estas. E non cabe dito argumento xa que a norma aplicable ao procedemento, que son as Bases, obrigan claramente a presentar ben declaración xurada ou ben certificación.

Sentada esta premisa, ¿poderíase solicitar á Área de Recursos Humanos do Concello de Vigo que, tras finalizar o prazo de presentación de instancias do concurso que aconteceu o 21/03/2024, certificara os servizos prestados neste Concello con relación aos aspirantes que tan só os alegaron na relación de méritos pero non os acreditaron documentalmente coa declaración xurada? A resposta a esta pregunta debe ser negativa, pois de non ser así estariase outorgando un trato de favor con relación a aqueles aspirantes que teñen alegado na relación de méritos servizos prestados noutras Administracións Públicas distintas ao Concello, pero non os acreditaron con certificación. Consecuentemente, tamén teríamos que solicitar a esas Administracións a remisión dos certificados por servizos prestados nelas, o que, sen dúbida, supón unha vulneración directa e grave das bases.

Considerando o exposto, o mérito profesional- servizos prestados no Concello de Vigo- ten sido valorado polo órgano de selección TRIBUNAL 3, do mesmo xeito a todos/as aspirantes participantes en tódolos procesos encomendados a este Órgano de Selección (Procesos 21-22-23-24-25-26-27-28-29-30-31-32-33-34-35-36-37-38-39-40-41-42 e 43) respectando o principio constitucional de igualdade (art 14 CE).

Tampouco cabe outorgar puntuación por servizos prestados noutras Administracións Públicas por canto segundo a certificación expedida pola Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa estamos ante 340 horas de “prácticas” correspondentes aos estudos de xestión administrativa do CPR San Fermín de Caldas de Reis, non se trata de servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría á que se desexa acceder.

O presente recurso de alzada presentado por COBOS CASAS debe ser desestimado polos motivos anteriormente expostos por canto non acreditou documentalmente o mérito profesional -servizos prestados no Concello de Vigo- coa declaración xurada ad hoc/responsable ou con certificación, dentro do prazo de presentación de instancias que finalizou o pasado 21/03/2024.

Proponse: Desestimar o recurso de alzada presentado por COBOS CASAS, T (DNI ***8351**) ao Proceso nº 34 AUXILIAR ADMINISTRATIVO, FUNCIONARIO DE CARRERA, Doc. nº 250016885, data presentación 23/01/2025.

- **TATO PÉREZ, J (DNI ***9713**):**

Recurso de Alzada ao Proceso nº 42 ORDENANZA PORTEIRO, FUNCIONARIO DE CARRERA- E, Doc. nº 250015120, 250016186, 250016232, data presentación 22-23/01/2025.

Alega: Solicita se lle puntúen os servizos prestados no Concello de Vigo e considera que o escrito formulario de instancia solicitando participar no proceso de consolidación constitúe, por se mesmo, a declaración xurada á que se refire a Base Xeral Décima 1ª deste concurso.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/03/2025 13:43	Páxina 10 de 35
250060031	CSV: ABA3EC-BBEA53-DAC785-7Q4XHP-9BSW33-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Motivación da proposta: A aspirante Sra. Tato Pérez presentou en data 18/03/2024 (doc. 240087675) solicitude modelizada de participación na Oferta de Emprego de Estabilización polo procedemento de concurso para o Proceso nº 42. Coa solicitude de participación achegou escrito onde relaciona méritos académicos, pero non fai alusión a méritos profesionais, non os alega. Asemade achega documentación varia para acreditar os méritos académicos alegados e tamén achega, informe da súa vida laboral emitido pola Tesourería da Seguridade Social.

O tribunal considerou conceder 0 puntos polos méritos profesionais por canto nin os alegou nin os acreditou e 40 puntos (puntuación máxima) por méritos académicos.

A Base Xeral deste concurso de méritos (BOPPO nº 249, de 30 de decembro de 2022), vid. Anexo II -Base Quinta-, onde se regula o contido da solicitude de participación, establece que debe achegarse coa mesma unha *“relación dos méritos alegados e copia simple da documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes”*.

